

O próximo xoves 9 de novembro, ás 16,30 horas, no Salón de Graos da Facultade de Matemáticas terá lugar a inauguración do

Seminario “Vidal Abascal”

do Departamento de Xeometría e Topoloxía da USC cunha conferencia titulada

“Gauss y la geometría: geodesia y geometría no euclidiana”

impartida polo profesor *Agustí Reventós Tarrida*, Catedrático de Xeometría e Topoloxía da Universidade Autónoma de Barcelona, vencellado dende hai tempo ao departamento compostelán. O seminario, que viña funcionando semanalmente co nome de Seminario do Departamento de Xeometría e Topoloxía grazas á participación de investigadores nacionais e estranxeiros, cambia o seu nome en homaxe ao profesor *Enrique Vidal Abascal*, participe fundamental na creación do Departamento de Xeometría e Topoloxía e a Facultade de Matemáticas da USC, primeiro responsable como Director e Decano de ambas institucións e figura seminal da matemática galega actual.

A conferencia inaugural analiza a contribución dun dos matemáticos máis importantes de todos os tempos, *Johann Carl Friedrich Gauss*(1777-1855) ao nacemento da xeometría non euclidiana. Grazas ao esforzo de Gauss e doutros matemáticos que lle sucederon é posible que, douscentos anos máis tarde, esteamos en condicións de comprender a xeometría do universo.

As próximas sesións do Seminario inclúen dúas conferencias impartidas por profesores do Departamento:

- “Un matemático en la tierra del genoma” por Antonio Gómez Tato,
 - “A dinámica dos mosaicos do plano” por Fernando Alcalde Cuesta,
- e unha conferencia do profesor **Peter B. Gilkey** da Universidade de Oregon (U.S:A.).

Enrique Vidal Abascal (Oviedo 1908 -Santiago de Compostela 1994) é unha das figuras máis importantes da matemática española do século XX. Licenciado en Ciencias Exactas pola Universidade Complutense de Madrid, obtén moi pronto, en 1933, unha praza de Catedrático Numerario de Instituto, ocupando diversos destinos dentro e fora de Galicia antes de chegar a Santiago, onde compaxinou a súa cátedra no Instituto Xelmirez cun posto de Profesor Axudante na Facultade de Ciencias. En 1944, obtén o título de Doutor en Ciencias Exactas pola Universidade Complutense de Madrid, cunha tese sobre as órbitas das estrelas dobres, dirixida por D. Ramón María Aller. Neses anos publica os seus primeiros traballos de astronomía e xeometría, que completaría despois, ao longo da súa carreira, cun bó número de publicacións en revistas especializadas. Interven de maneira moi activa no traslado do Observatorio Astronómico de Lalín a Santiago e no rexurdir do Seminario Matemático “Durán Loriga”. En 1955, obtén a Cátedra de Xeometría Diferencial da Universidade de Santiago de Compostela, posto que desempeñará até a súa xubilación en 1978. Na década dos 60 do século pasado, Vidal Abascal organiza os primeiros coloquios internacionais de matemáticas celebrados en España coa participación dalgúns dos mellores xeómetras e topólogos do momento, ao tempo que comeza a formar un equipo de xoves investigadores, saídos da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixe a primeira tese doutoral en matemáticas que se presenta na universidade compostelana, realizada por Martínez Naviera, hoxe catedrático da Universidade de Valencia. Moitos dos seus antigos alumnos ocupan hoxe cátedras en outras universidades e institucións científicas nas que dirixen os seus propios equipos de investigación. Partícipe na creación da Sección de Matemáticas da antiga Facultade de Ciencias, foi tamén responsable fundamental da creación da actual Facultade de Matemáticas da USC e moi ilustre primeiro Decano. Como intelectual liberal, cunhas ideas próximas ao galeguismo histórico, participou na creación e no impulso da Real Academia de Ciencias Galega e noutras iniciativas en prol da ciencia e da cultura en Galicia.

Gauss y la geometría: geodesia y geometría no euclidiana

por

Agustí Reventós Tarrida

Universitat Autònoma de Barcelona



Reloxo persoal de Gauss no museo de Braunschweig

Carta de Gauss a Olbers: *O máis refinado xeómetra e o perfecto astrónomo – estes son dous títulos separados que amo con todo o meu corazón – e que adoro con paixón sempre que van unidos.*


O interés de Gauss pola xeometría provén de cando aínda era moi novo. O seu primeiro e máis preciado resultado – quería que adornase a súa tumba – foi a construción con regra e compás do polígono de 17 lados ou heptadecágono. É tamén a primeira entrada do seu famoso diario, iniciado o 30 de marzo de 1796, un mes antes de cumprir os 19 anos.

A preocupación polos fundamentos da xeometría provén tamén daquela época. En xullo de 1797, Gauss anota no seu diario: «*Demostrei a posibilidade do plano*». En setembro de 1799, engade: «*Fixemos progresos excepcionais nos principios da Xeometría*». Este tema, que consiste esencialmente na posibilidade de probar o quinto postulado de Euclides, interesoulle toda a súa vida. Este postulado euclidiano afirma que por cada punto exterior a unha recta pasa unha única recta paralela.

Na conferencia, comentaremos estas cartas e as relacionaremos coa obra *Disquisitiones generales circa superficies curvas*, que suporemos foi escrita coa intención de proporcionar un modelo irrefutable da xeometría non euclidiana, é dicir, unha superficie que cumpriría os catro primeiros postulados euclidianos, pero non o quinto. Miraremos pois cal foi a relación profesional e persoal de Gauss coa Xeometría.

Agustí Reventós Tarrida é Catedrático de Xeometría e Topoloxía na Universidade Autónoma de Barcelona. Especialista en xeometría hiperbólica e teoría de foliacións, é autor de numerosos traballos de investigación e divulgación publicados nalgunhas das mellores revistas da área: *Journal of Differential Geometry*, *Comptes Rendus de l'Académie de Sciences de Paris*, *Transactions of the American Mathematical Society*, *Journal of the Mathematical Society of Japan*, *Geometriae Dedicata*,...

SEMINARIO VIDAL ABASCAL



Gauss y la geometría
Geodesia y geometría no euclidiana

por

Agustí Reventós Tarrida
Universitat Autònoma de Barcelona

Xoves, 9 de novembro de 2006

16,30 horas

Salón de Graos da Facultade de Matemáticas